

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA 2009/10

**CEIP GREGORIO SANZ-Ribadeo
Departamento de Orientación
Curso 2009/10**

ÍNDICE	página
1. Xustificación teórica da orientación	2
2. Análise do contexto	3
2.1. Datos xerais	3
2.2. Características socio-culturais	3
2.3. Estructura do centro	4
a) Os espacios	4
b) Estructura organizativa do centro	5
2.4. Descrición do Departamento de Orientación	5
3. Obxectivos	7
3.1. Obxectivos xerais	7
3.2. Obxectivos específicos	8
4. Planificación xeral e definición de accións prioritarias	11
5. Criterios de seguemento e avaliación	16

1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA DA ORIENTACIÓN

Á vista do análise do Plan de Orientación do curso 2008/09, valórase moi positivamente a súa adecuación pedagóxica e estímase proceder a súa actualización, revisión e mellora.

A educación asume a misión de posibilitar que tódolos cidadáns desenvolvan na escola ó máximo as súas potencialidades e que elaboren un proxecto de vida persoal e unha formación integral. A orientación, compoñente fundamental da educación, enténdese como un proceso de axuda e preparación para a vida, de cara a lograr unha maior integración escolar, persoal e social.

Toda educación é orientación en tanto que prepara para a vida, pero ademais é un proceso global que integra aspectos relativos ó desenvolvemento persoal, ós procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións.

As actuacións deste Departamento no que se refire á Orientación Educativa estarán baseadas nos seguintes principios teórico-prácticos:

- A Orientación e a Tutoría formarán parte da función docente.
- As finalidades da Educación son: **transmitir a cultura da sociedade, aprender a asumir deberes e exercer dereitos, incorporarse á vida activa con garantía de éxito.**
- En consecuencia propónse unha educación **comprensiva** (para todos), **terminal** (ten un fin en si mesma) e **propedéutica** (prepara para futuros estudos)
- Garantírase a orientación persoal, académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos, prestando singular atención á superación de hábitos sociais discriminatorios
- Entendemos a escola como un lugar de construción da igualdade de oportunidades
- O noso centro posibilitará que todos os alumnos desenvolvan ao máximo as súas potencialidades e se formen como persoas para seren felices na sociedade á que pertencen.
- As actuacións do Departamento de Orientación terán en conta o contexto sociocultural e económico no que se ubica o centro e procurará implicar ao máximo de sectores nas súas actividades, dende unha perspectiva holística.
- Procurarase a colaboración entre todos os implicados no proceso educativo.
- As actuacións do departamento basearanse en dous modelos de intervención:

- No modelo de **programas**, cando sexa necesario abordar as necesidades antes de seren demandas polo suxeitos obxecto da intervención.
- No modelo de **consulta**, cando a demanda sexa manifestada ou requerida polos axentes implicados coa intención de establecer un contexto de colaboración para traballar co persoal docente nun programa no que se sintan todos implicados.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. Datos xerais

Este plano de actuación diríxese a un centro que dispón de espazos suficientes e persoal con ansias de analizar e reflexionar sobre os factores que inciden no proceso de ensino-aprendizaxe, para desenvolver actuacións conxuntas, innovadoras e que atendan á diversidade e á pluralidade. Para todo isto, estamos a converter o sistema no seu conxunto, nun axente activo, é dicir, tanto alumnos/as como profesores/as aprendemos dende a propia experiencia, dende a práctica diaria, dende a reflexión e o debate, dende a propia avaliación introducindo as modificacións necesarias, para mellorar día a día o noso sistema educativo. Polo tanto o Departamento de Orientación, debe asumir sobre todo un papel de promotor e canalizador desas inxerencias.

2.2. Características socio-culturais

O colexio *Gregorio Sanz* sitúase no concello de Ribadeo, na parroquia de Obe. Este concello sitúase no Leste da Mariña Lucense, cunha superficie de 106 Km² e acolle unha poboación de 10000 habitantes aproximadamente, dos que 5000 residen na capitalidade con Concello e o resto nos núcleos de poboación de A Devesa, Vilaframil, Rinlo, Piñeira, Vilaselán, Obe, Vilela, Covelas, Arante, Piñeiro, Cedofeita, Noceda, Remourelle, Couxela, Porto, Reme e Vilaousende.

As actividades económicas predominantes corresponden ós sectores primario e terciario, en concreto a agricultura, a pesca e o sector servizos. Este último é o que ocupa á maior parte da poboación. O sector agropecuario localízase sobre todo no sur do concello, mentres que o sector pesqueiro, o máis pequeno, ocupa as parroquias no Norte do Concello, especialmente Ribadeo e

Rinlo. A actividade industrial é escasa pero incipiente e en aumento, especialmente debido o grande desenvolvemento da construción.

No concello de Ribadeo pódense atopar **numerosas asociacións e movementos de carácter cultural** que poden colaborar co centro na ampliación da oferta cultural ós alumnos/as e **na intensificación de relacións entre o centro e o seu entorno social**.

En Ribadeo vila existen asociacións que promoven actividades diversas como exposicións, conferencias, concertos, representacións teatrais... O Concello como institución tamén oferta unha programación cultural de calidade, e pon os medios necesarios para que os alumnos/as que non son da vila acudan a estas actividades. Para desenvolver estas actividades o Concello conta con numerosas infraestruturas, entre as que atopamos: pistas polideportivas, piscina climatizada, pavillóns polideportivos, clubs e asociacións deportivas, unha biblioteca-arquivo municipal, Auditorio, Escola de Idiomas, de Adultos, etc.

No resto do Concello existen numerosas asociacións veciñais que tamén buscan promover o nivel cultural dos veciños e defender os intereses das parroquias, para o cal se desenvolven diferentes actividades deportivas e culturais.

2.3. Estructura do centro

a) Os espacios

O centro ubícase na parroquia de Obe, na Avenida de Luarca s/n e conta cos servizos complementarios de comedor e transporte escolar, así como unha serie de actividades complementarias e extraescolares en colaboración coas ANPAs e outras entidades públicas e privadas.

O Colexio *Gregorio Sanz* foi construído en 1972 e conta con 5 edificacións: ximnasio, pavillón cuberto, edificio de administración, e o colexio propiamente dito, ademais da vivenda do conserxe. O edificio de administración está composto polos locais de dirección, xefatura de estudos, administración do comedor, sala de profesores, departamento de orientación e aula de recoñecemento médico, aula taller do conserxe, un almacén e servizos.

O colexio ten 3 plantas. Na planta baixa atopamos as aulas de Educación Infantil, o comedor, a aula na que os alumnos de 3 anos dormen a sesta, a cociña e un "office". Na primeira planta hai 9 aulas de Primaria, a aula de informática e audiovisuais, aula de psicomotricidade, de expresión corporal, de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Lenguaxe e dous almacéns. Finalmente, na segunda planta están a aula de música, o laboratorio, 5 aulas de Primaria, outra aula de audiovisuais, unha biblioteca e dous trasteiros. En todas as plantas hai baños para alumnado, profesorado e alumnado con necesidades específicas.

b) Estructura Organizativa do Centro

A organización do centro lévase a cabo mediante órganos de goberno e órganos de coordinación docente.

Órganos de Goberno: **Unipersoais:** -Directora -Xefe de Estudos -Secretaria
Colexiados: -Consello Escolar -Claustro de Profesores

No seo do Consello Escolar existe unha **Comisión Económica** coa función de informar ó Consello sobre materias de carácter económico que son encomendadas. Outras comisións existentes no centro son: a **Comisión de Convivencia e Disciplina** e a **Comisión de Comedor**. As funcións dos órganos unipersoais e colexiados son as sinaladas pola lexislación vixente.

Órganos de Coordinación Docente: - Equipos de Ciclo - Equipo de Normalización Lingüística
 -Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares - Comisión de Coordinación Pedagóxica -
 - Departamento de Orientación - Titoría

2.4. Descrición do Departamento de Orientación

A constitución do departamento de orientación, as competencias do departamento, as funcións da xefatura do mesmo, así como as do profesorado de apoio ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, veñen reflexadas polo Decreto 120/98 e a Orde do 24 de xullo de 1998.

O Departamento de Orientación está formado por:

- Especialista de PT: *José Mª Lombardero Rico*

- Especialista de PT: *Aroa Fernández Martínez*
- Especialista de AL: *José María Rañón Moirón*
- Especialista de AL: *Rebeca España Redondo*
- Coordinadora de Educación Infantil: *Emilia Cao Fernández*
- Coordinadora do 1º ciclo de Primaria: *Isabel García Perez*
- Coordinadora do 2º ciclo de Primaria: *Aroa Fernández Martínez*
- Coordinadora do 3º ciclo de Primaria: *Francisco Vidal Villameitide*
- Xefa do DO: *M. Mercedes Bouza Fernández*

En canto ós recursos materiais, o Departamento dispón dun despacho situado na planta baixa do edificio de administración, cun mobiliario e uns recursos materiais suficientes, aínda que mellorables.

En canto ás reunións está previsto que os especialistas de PT, AL e a xefa do departamento se coordinen semanalmente. Traballarase tamén cos ciclos aqueles aspectos que se conclúa máis necesarios e haberá unha reunión trimestral (como mínimo) de tódolos membros, tal e como establece a normativa vixente.

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais

Tendo en conta a normativa vixente e as necesidades de cada Centro, elabórase o Plan do Departamento de Orientación para o curso 2009/10. Cada Centro adaptarao á súa realidade concreta escolar, reflectindo logo as modificacións introducidas na memoria deste curso.

Unha vez aprobado por tódolos membros do departamento, así como no Claustro e Consello Escolar do CEIP Gregorio Sanz, enviarase á Inspección Educativa. Os membros do departamento reuniranse cunha periodicidade semanal para traballar sobre o plan do departamento, seguindo as directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro.

Os aspectos normativos no eido da orientación recóllense no Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares anuais. Seguindo o establecido na Circular das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia para o curso 2009-2010, a actuación deste Departamento de Orientación neste curso diríxese a alcanzar os seguintes obxectivos:

- Promover a mellora da convivencia no centro educativo e a promoción de conductas tolerantes, a través do estudo da situación, a elaboración de

propostas, estratexias e instrumentos e a implementación de medidas de prevención e resolución pacífica de conflitos.

- Desenvolver ó máximo as potencialidades do alumnado, axustando a resposta educativa á diversidade, con especial atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo, mediante a avaliación psicopedagóxica e a realización de seguimentos, reforzos educativos, ACIS ou programas individualizados segundo sexa necesario.
- Desenvolver o Plan de Acción Titorial: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre homes e mulleres.
- Participar na recompilación de recursos e materiais de apoio: pax.web, materiais impresos, experiencias de centros, etc., para disposición do profesorado do centro para a súa consulta.
- Fomentar as canles de comunicación entre familia e escola.
- Establecemento de canles de coordinación entre orientadoras e orientadores dos centros de primaria e secundaria duhna mesma zona.
- Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e o asesoramento.
- A motivación pola aprendizaxe e a valoración do esforzo.

3.2 Obxectivos específicos

*** Co alumnado**

- Valora-las necesidades educativas do alumnado, desenvolvendo medidas de atención á diversidade, procurando a individualización do ensino.
- Colaborar na elaboración das medidas de reforzo, ACIs e outras intervencións educativas específicas para o alumnado con dificultades.
- Fomentar accións que favorezan a convivencia e o clima social dos centros e das aulas.

- Realizar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento persoal e social.
- Asesorar na toma de decisións cara a estudos posteriores, favorecendo así o proceso de maduración vocacional.

*** Co profesorado**

- Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo, elevando ós acordos á Xefatura de Estudos.
- Colaborar co profesorado no deseño, implementación, seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade: reforzo educativo (RE) e adaptación curricular (AC).
- Cooperar no diagnóstico de problemas ou dificultades de aprendizaxe do alumnado, para tratar de remedialos.
- Transmitirles información sobre os resultados das avaliacións psicopedagóxicas e orientalos sobre determinadas medidas de intervención co alumnado con dificultades.
- Diseñar e propoñer accións de intervención en técnicas de traballo intelectual que potencien a comprensión lectora adaptados ós distintos ciclos.
- Asistir ás sesións de avaliación.
- Orientar ós titores nas tarefas titorais: estratexias de composición escrita, comprensión lectora, conducta disruptiva...

*** Co centro**

- Solicita-la colaboración do Equipo de Orientación Específico na avaliación e información de alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.

- Fomenta-la colaboración entre a escola e as familias de cara a lograr maior coherencia na educación do alumnado.
- Colaborar coa xefatura de estudos e cos titores na planificación, seguimento e avaliación das reunións periódicas destes co DO.
- Representar ó DO na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Participar nas actividades de formación propostas no plan anual de formación do profesorado.

*** Coas familias**

- Demanda-la colaboración das familias de cara a obter información relevante para a avaliación diagnóstica do alumnado.
- Promove-la cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación, construción de autoconceito e autoestima e no proceso de toma de decisións.
- Orienta-los pais para mellora-la educación e a orientación dos seus fillos en colaboración co profesorado.

*** Co contorno**

- Favorece-la coordinación do centro cos diferentes servizos socioeducativos da zona.
- Favorece-la coordinación cos IES da zona.
- Propiciar a coordinación entre as ensinanzas de educación infantil, primaria e secundaria obligatoria e postobligatoria, coa finalidade de garantir o principio de continuidade da orientación na escolarización do alumnado. Para isto será importantísimo crear liñas de colaboración e información entre os orientadores de toda a comunidade educativa desta localidade.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

As accións a desenvolver polo Departamento estarán dirixidas a tódolos membros e sectores da Comunidade educativa:

A. Con respecto ó ALUMNADO

A.1. Actividades cos alumnos

- Elaboración de cuestionarios, fichas, rexistros de observación, enquisas...
- Deseño, presentación e avaliación de programas: técnicas de traballo intelectual, comprensión lectora, madurez lectora...
- Iniciación á orientación escolar e vocacional.
- Tratamento dalgún tema transversal (educación para o consumidor, educación en valores, educación medio ambiental...).
- Axuste da resposta educativa ás características de tódolos alumnos/as, especialmente aqueles con necesidade específica de apoio educativo mediante a avaliación psicopedagóxica, realización e seguimento de R.E. ou A.C.I. segundo as necesidades.
- Identificación dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo que non promocionaron no anterior curso e tamén noutros cursos co fin de tomar as medidas de apoio e reforzo oportunas.
- Revisión, en colaboración co profesorado de apoio, da organización da docencia do alumnado con necesidades específicas e elaboración dos seus horarios e agrupamentos.
- Elaboración e revisión de materiais adaptados.
- Avaliación ó inicio do curso para a detección das necesidades específicas de apoio educativo e para a intervención temperá, priorizando a Educación Infantil (prevención das dislalias, hábitos de autonomía, adaptación á escola, coñecemento do seu entorno familiar...), e os cambios de ciclo.

- Exploración psicopedagógica a proposta do titor, profesorado, familia ou departamento, prioritariamente nos momentos evolutivos máis críticos, establecendo unha xerarquía de necesidades, comezando polos primeiros cursos.
- Elaborar estratexias de intervención en función dos resultados das avaliacións.
- Informar e asesorar ó alumnado de 6º curso de EP sobre a promoción á ESO.
- Entrevistas coas familias, profesores e alumnos, para recaba-la información necesaria para elaborar un diagnóstico e informa-los dos resultados do mesmo.
- Estimulación da linguaxe oral na etapa de Educación Infantil.

A.2. Integración dos alumnos novos

- Recoller a información relevante do neno, mediante enquisas, entrevista cos pais, contacto co anterior centro...
- Informar ó titor e ó equipo de profesores dos datos que sexan de interese.
- Favorecer a súa integración no centro (cos compañeiros, no recreo, no comedor...).
- Si é necesario, facer unha avaliación urxente das necesidades específicas de apoio educativo e elaborar un informe psicopedagógico e as medidas de resposta que sexan axeitadas a ditas necesidades.
- Aplicación do programa de acollida de alumnos novos no centro unha vez aprobado nos órganos correspondentes.

A.3. Traslado dos nosos alumnos ó IES e outros centros

- Traspaso da documentación do neno a outro centro.
- Contactar co orientador ou persoa responsable, e informar dos datos máis relevantes do alumno.
- Recomendar de acordo cos titores do 3º Ciclo de E.Primaria, os alumnos que poden/deberían formar parte dun obradoiro e tramitar a súa participación.

B. Con respecto ó PROFESORADO

- Intercambio de información entre profesores/ tutores-orientadora, e revisión dos informes individuais dos alumnos.
- Establecemento dun Calendario de reunións.
- Dar recomendacións e pautas sobre a atención a alumnos con necesidades específicas e dificultades de aprendizaxe ós tutores e o resto de profesionais implicados (Profesores de PT, AL e de Apoio a Infantil).
- Dotar ó profesorado de instrumentos, técnicas e recursos, para a recuperación dos problemas, así como, a avaliación e seguimento persoal dalgún caso.
- Desenvolver medidas de reforzo/ampliación-enriquecemento axeitadas.
- Colaborar cos tutores na confección dos informes individualizados.
- Seguimento axeitado do PAT.
- Realizar permanentemente unha labor de prevención, intervención e reforzo implicando a o profesorado.

C. Con respecto ó CENTRO

- Desenvolver reunións periódicas co profesorado, xefatura de estudos, etc.
- Elaboración do Plan de Orientación, co estudo dos aspectos que se pretenden desenvolver, así como a memoria de actividades orientadoras e titoriais.
- Participar nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica e coordinar as reunións do Departamento de Orientación.
- Solicita-la colaboración do Equipo de Orientación Específico na avaliación e información de alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.
- Fomenta-la colaboración entre a escola e as familias de cara a lograr maior coherencia na educación do alumnado.
- Representar ó DO na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

- Participar nas actividades de formación propostas no plan anual de formación do profesorado.
- Compra e reposición de material.
- Formación permanente demandada polo propio profesorado.
- Levar a cabo actividades que favorezan a convivencia e o clima da nosa comunidade educativa.

D. Con respecto ás FAMILIAS

- Información e participación da familia.
- Revisión da enquisa estruturada: contorno, problemas médicos, actitude dos pais...
- Atención persoal á familia: mediar e intervir na búsqueda de resposta ás inquiredanzas ou problemas familiares.
- Dar pautas para axudar ó estudio na casa.
- Promove-la cooperación familia-titor-departamento, nunha liña común de actuación ante calquera dificultade ou necesidade específica.
- Fomenta-la participación e colaboración dos pais coas actividades do centro e desenvolver conferencias, charlas ou cursiños.
- Elaborar pautas de información para as familias, buscando a súa colaboración nos programas que se levarán a cabo.

E. Con respecto ó ENTORNO

- Localización e coñecemento dos recursos educativos, sanitarios e sociais do entorno (educador/a familiar, traballador/a social, atención temperá...) de cara a organizar actuacións comúns.
- Contactar cos IES da zona para prepara-la adaptación do alumando de 6º á Educación Secundaria Obrigatoria.

- Traballar cos orientadores do IES, e cos membros do Equipo de Orientación Específico, con organismos como os Servizos Sociais do Concello de Ribadeo (A.Social, Educadora, Psicóloga, Animadoras Socioculturais), coa Consellería de Familia (Menores), co SERGAS (Traballadora Social, Pediatría, Neuropsiquiatría...), coa Cruz Vermella, coa Escola Infantil, co centro UAT (Unidade de Atención Temperá) de Burela e con outros profesionais.

F. Con respecto á ACTUALIZACIÓN PERSONAL DA ORIENTADORA

- Acadar todo o material necesario para a renovación e progreso da función orientadora. Revisión e análise.
- Poñerse ó día nos avances, novas tendencias e accións psicopedagóxicas actuais. Intentar que sexan coñecidas e utilizadas no noso centro.
- Asistir a cursiños, relatorios ou seminarios para a formación da labor orientadora.

5. CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Coa avaliación preténdese coñecer en que medida os diferentes obxectivos reflectidos neste Plan de Orientación para este ano académico e ámbito de actuación, van sendo acadados, pero tamén de que xeito, con que grao de efectividade e axuste á realidade e contexto no que pretende desenvolverse.

A finalidade deste coñecemento é a de optimizar o Plan, mellorando aqueles aspectos do mesmo que imos vendo que son axeitados, logo dunha previa reflexión e análise que confirme que efectivamente tales aspectos deben ser modificados, suprimidos, ampliados, reforzados, etc.

Deste xeito para realizar esta reflexión avaliativa, cómpre partir da observación de como se adecúan as actividades propostas ás características peculiares do contorno educativo, ó contexto do propio Centro, ós recursos cos que contamos, etc.

Esta avaliación plantéxase a dous niveis:

Por unha parte **avaliación sobre a implantación da Orientación** que se fará a nivel de todo o Centro mediante debates e se analizarán os seguintes aspectos:

1. Implicación do Departamento de Orientación na dinámica do Centro (órganos nos que intervén e actividades nas que participa).
2. Repercusión das actuacións do Departamento (nas decisións a nivel de Centro; nas decisións en canto a programacións didácticas, directas sobre o alumnado, sobre os pais e nas decisións que se refiren ós alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo).
3. Valoración e grao de satisfacción por parte dos distintos axentes.

Por outra parte a **avaliación do Plan de Orientación** proposto en función dos seguintes criterios:

- Adecuación ás necesidades plantexadas no Centro.
- Consecución dos obxectivos plantexados.
- Realización das actividades nos tempos previstos.
- Dificultades atopadas.

Consideramos que a avaliación debe ser continua e sistemática, inserta no propio proceso, reaxustando obxectivos e métodos para acadalos. Por tanto no proceso avaliador deberemos seguir tres pasos complementarios:

- Avaliación inicial: Para analiza-las necesidades da realidade escolar, do entorno e de toda a comunidade educativa.

- Avaliación formativa: Serán axustes que, en función do desenvolvemento do programa, se vaian facendo no mesmo. Para isto o Departamento de Orientación reunirse con tódolos seus membros periódicamente para facer un seguimento do plan e introducir ás modificacións que se estimen oportunas en función da adecuación das actuacións.

- Avaliación final: Nela, valorarase a consecución dos obxectivos propostos para cada un dos sectores implicados. Serviranos de base para a realización do plan para o vindeiro curso.

Nas tres fases de avaliación propostas participarán tódolos membros implicados nas distintas actuacións e os instrumentos a utilizar irán dende a simple observación ata a análise de actas e informes, debate entre os axentes, enquisas e cuestionarios...